



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DA CORUÑA (ALAS CORUÑA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS)

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha banda:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por Susana López Abella, secretaria xeral da Igualdade, en virtude do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 160/2016, do 24 de novembro, e de acordo coa competencia atribuída na Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e entidades adscritas.

Doutra:

A Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña (ALAS Coruña), con CIF G70249461, representada por Carlos Emilio Mella Casal, Presidente da entidade, que actúa no seu nome e representación.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, recolle a obriga que corresponde aos poderes públicos de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os



XUNTA DE GALICIA



atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

Segundo

Que no artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais establécese que “os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero”

Terceiro

Así mesmo, o artigo 17 da dita Lei 2/2014, recolle que “os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar” e que “en particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTBI máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar”.

Cuarto

Que a asociación ALAS Coruña, é unha entidade sen ánimo de lucro, legalmente constituída que ten como principal obxectivo a defensa e promoción dos dereitos das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.

Quinto

Que por todo o exposto, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia tanto polo que supón de traballar para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, como por fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade ás accións, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da asociación ALAS Coruña.

Sexto

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que na Comunidade Autónoma de Galicia existe un número limitado



de entidades legalmente constituídas e con experiencia acreditada que desenvolven actuacións específicas dirixidas ao colectivo LGTBI, polo que se xustifica a non procedencia dunha convocatoria pública e a sinatura de convenios con aquelas que manifestaron o seu interese nesta colaboración.

Sétimo

A Asociación ALAS Coruña cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación ALAS Coruña para levar a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.

Para isto, a asociación deberá desenvolver unha ou varias das seguintes actuacións:

- Campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade.
- Programas e medidas orientadas á normalización da sexualidade e a diversidade, favorecendo a inclusión social das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.
- Actuacións que contribúan a remover os obstáculos que impiden ou dificultan que as persoas pertencentes ao colectivo LGTBI desenvolvan plenamente a súa personalidade e participen en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.
- Actividades de investigación, estudos, conferencias, cursos, e demais actos de natureza análoga que fomenten o coñecemento da situación do colectivo LGTBI en todos os ámbitos.
- Acompañamento, atención, información e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios, cultura, saúde integral, VIH-SIDA e outras ITS, cuestións xurídicas, psicolóxicas, e outros temas ás persoas LGTBI e as súas familias.



- Actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación o de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil que puideran producirse por razón de orientación ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.
- Actuacións que proporcionen información/formación específica ao persoal das distintas administracións que polo seu posto de traballo poida estar en contacto co colectivo LGTBI.
- Elaboración de materiais didácticos nos que se contemple a realidade do colectivo LGTBI e das súas familias, o dereito á diferenza e a diversidade, a igualdade de oportunidades e contra a LGTBfobia.

SEGUNDA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, achegará a cantidade de 2.431,00 € (DOUS MIL CATROCENTROS TRINTA E UN EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, código de proxecto 2017 00002.

TERCEIRA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A Asociación ALAS Coruña está obrigada a xustificar ante a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos documentos que a continuación se sinalan:

- Memoria de actuación, expedida polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



- Certificación, expedida polo órgano competente da entidade dos gastos realizados.
- Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e a data de pagamento, asinada polo órgano competente da entidade.
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria

- Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento, nos termos establecidos nesta cláusula, presentarase na Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza antes ou dentro do día **30 de novembro de 2018**. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderá realizarse o pagamento anticipado de ata un 80% da subvención concedida, tras a sinatura do presente convenio.

QUINTA. OBRIGAS

Correspóndelle á Asociación ALAS Coruña:



- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.
- c) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, que se consideren precisas para a constatación do cumprimento no disposto neste convenio.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- f) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- g) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

SEXTA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e financiará, así mesmo, os gastos subvencionables realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 ata a data límite para a presentación da xustificación.

SÉTIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes da entidade que vaian a desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA . MODIFICACIÓN , REVOGACIÓN, E REINTEGRO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.



A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación e reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

- a) O incumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificar a realización da actuación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) A obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- d) O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento, non obstante o incumprimento das obrigas establecidas nos apartados c) e d) da cláusula quinta, así como as establecidas na cláusula décima darán lugar ao reintegro na porcentaxe do 20% da totalidade da axuda percibida.
- e) Calquera outro incumprimento das obrigas sinaladas na normativa reguladora da subvención dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

Tamén procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

A tramitación do correspondente expediente de reintegro axustarase ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso a Asociación ALAS Coruña sométese á normativa vixente en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento, en canto sexan de aplicación.



NOVENA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de procedente aplicación.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/algunha funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da Asociación ALAS Coruña.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

DÉCIMO PRIMEIRA. OBRIGAS DE PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



XUNTA DE GALICIA

galicia

Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda a entidade adquire o compromiso e a obriga de dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e



Pola Asociación pola Liberdade Afectiva
e Sexual da Coruña (ALAS Coruña)

Carlos Emilio Mella Casal